

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE NOVEMBRO DE DE 2021

Ás 11:05 horas do día 26 de novembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 23 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste ao punto 7)
D^a. Paz Fernández Fernández, xefa do Servizo de Benestar Social (asiste ao punto 2a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2b e 4b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 1, 2c, 5b, 6b, 6d, 10a e 13)
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 5c, 6c, 8, 10b e 10c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que con data do 23 de novembro de 2021 a xefa do Servizo de Educación dá conta da seguinte incidencia:

"En data 10/11/2021 a empresa Garciventa presenta no rexistro web do Concello de



Vigo os seguintes documentos facendo referencia ao expediente 24875/332: doc.210226526, doc.210226568, doc.210226585, doc.210226600 e doc.210226681.

Tendo en conta que a documentación para participar na licitación do procedemento de contratación expediente 24875/332 ten que presentarse de conformidade co establecido nas cláusulas 13 e 14 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o Servizo de Educación por erro arquivou a dita documentación sen examinala indicando "presentación Incorrecta". Non obstante, examinados os referidos documentos compróbase que entre a documentación presentada atópase a oferta económica sen encriptar da empresa Garci Venta S.L. para o expediente de licitación antes citado, polo que se estima procedente dar conta á Mesa de Contratación desta incidencia aos efectos oportunos".

Á vista do anterior e tendo en conta o previsto na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador" a Mesa acorda, por unanimidade, non admitir neste procedemento a GARCI VENTA, S.L.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a INSTITUTO SONDAJE, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Outorgar un prazo de tres días a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. A documentación de BIZIPOZ ENVEJECIMIENTO ACTIVO, S. COOP. PEQUEÑA (DEUC e Anexo III) debe asinarse dixitalmente.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(9.715-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (emenda de documentación)

Lémbrese aos membros da Mesa que por acordo do 18 de novembro de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. para que emendasen a documentación persoal. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2A conceder un prazo a un dos licitadores para emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 15 de novembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 18 de novembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por ter incluído no sobre B información relativa aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7B da FEC (cláusula 14.3 do PCAP).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 18 de novembro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Desconto sobre o prezo do lote 1	Desconto sobre o prezo do lote 2	Incremento da quilometraxe anual para o lote 1	Incremento da quilometraxe anual para o lote 2
1	AUTOS BREA, S.L. (lotes 1 e 2)	5%	5%	5.000 Km	5.000 Km
2	MOVELCO MOBILITY, S.L. (lote 2)	-	3,59%	-	1.000 Km

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo s/IVE	Mellora nas instalacións para incrementar a seguridade dos edificios	Tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de CRA	Incremento do importe mínimo esixido na cláusula 5.2.2 do PPT destinado ao mantemento correctivo	Tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen
1	SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	84.793,40	10 unidades	< 1 hora	1.800 €	< 16 horas

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta de SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. non contén valores anormais de conformidade cos criterios aos que se refiren o apartado 7D no Anexo I -FEC- e da cláusula 18.1b do PCAP e acorda, por unanimidade, outorgarlle a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula (78 puntos) ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP:



	Licitador	Redución do prezo	Mellora nas instalacións para incrementar a seguridade dos edificios	Tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de CRA	Incremento do importe mínimo esixido na cláusula 5.2.2 do PPT destinado ao mantemento correctivo	Tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen
1	SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	48	10	8	6	6
Total						78 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador pola súa proposición avaliable mediante fórmula, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	11,50	78,00	89,50

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo s/IVE	Inclusión na oferta de cubrición e decoración artísticas das cabezas tractoras con bosquejo
1	CARROFESTA, S.L.	50.280,00 €	si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta de CARROFESTA, S.L. non contén valores anormais de conformidade cos criterios aos que se refiren o apartado 7D no Anexo I -FEC- e da cláusula 18.1b do PCAP e acorda, por unanimidade, outorgarlle a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula (55 puntos) ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP:

	Licitador	Redución do prezo	Inclusión na oferta de cubrición e decoración artísticas das cabezas tractoras con bosquejo	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	49	6	55 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador pola súa proposición avaliable mediante fórmula, a puntuación total é a seguinte:



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	41	55	96 puntos

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	HIROMEGAL, S.L. (lote 5)	ICOGA, S.L. (lote 6)	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1,2,3, 6 e 7)	TORRES Y SAEZ, S.A.U. (lote 3)
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 1	-	-	25%	-
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 1	-	-	10%	-
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 2	-	-	10%	-
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 2	-	-	3%	-
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 3	-	-	20%	0%
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 3	-	-	5%	10%
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 4	-	-	-	-
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 4	-	-	-	-
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 5	5%	-	-	-
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 5	0%	-	-	-
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 6	-	18%	10%	-
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 6	-	10%	5%	-
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 7	-	-	20%	-
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 7	-	-	10%	-
% baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios do lote 8	-	-	-	-



	HIROMEGAL, S.L. (lote 5)	ICOGA, S.L. (lote 6)	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1,2,3, 6 e 7)	TORRES Y SAEZ, S.A.U. (lote 3)
% baixa proporcional única a aplicar ás unidades non previstas no PPT para o lote 8	-	-	-	-

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de RRHH e Formación do 23 de novembro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. SURNE MUTUA DE SEGUROS
2. ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 20 de novembro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 24 de novembro. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 24 de novembro de 2021.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2021, de EULEN SEGURIDAD, S.A. por ter incluído no sobre B información relativa aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7B da FEC (cláusula 14.3 do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	89,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. (B-15.259.765), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	96 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: Cabalgata de reis

	Licitador	Puntuación
1	TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U.	100,00
2	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	70,41

- Lote 2: Recepción dos Reis Magos

	Licitador	Puntuación
1	SACAFERRO, S.L.	100,00

- Lote 3: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos

	Licitador	Puntuación
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	95,00
2	SACAFERRO, S.L.	65,60

- Lote 4: Servizo de ambulancia



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación
1	AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L.	100,00
2	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	76,20

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (B-32.495.061), SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no lote 2 deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tramitación ordinaria do servizo de "ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 27/07/2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29/07/2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (335.468,80 €), IVE exento en virtude do artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202.224.00.00 "Seguro de vehículos", segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	167,734.40 €
2023	167,734.40 €
TOTAL	335,468.80 €

Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de outubro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48.001.648), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 22 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 28 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo correcta. No entanto, realizadas as comprobacións oportunas polo Servizo de Contratación constatouse que o licitador non estaba ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), polo que se acordou, por unanimidade, conceder a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS un prazo de tres días para que puidese presentar un certificado positivo co citado organismo.

O 8 de novembro de 2021 o licitador presentou documentación na que xustificaba que as débedas pendentes estaban compensadas e solicitaba unha ampliación do prazo por mor da imposibilidade de obter da ATRIGA o certificado dentro do prazo sinalado.

Á vista do escrito presentado e ao abeiro do disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro acordou, por unanimidade, conceder a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS unha ampliación do prazo para a presentación do certificado positivo da ATRIGA de dous días.

Dentro do prazo concedido, o licitador presentou o referido certificado.

A Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 13 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informes de valoración da proposición avaliábel fórmula de datas 1 e 20 de outubro de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48.001.648) o procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445) por un importe máximo de 335.468,80 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:

a) *Propón unha redución dos prezos unitarios do contrato consignados no Anexo II ao PPTP de:*

- Vehículos de 1ª categoría: 400 euros.
- Vehículos de 2ª categoría: 250 euros.
- Vehículos de 3ª categoría (motocicletas): 450 euros
- Camións e cabezas tractoras: 1.000 euros.
- Remolques ata 3.800 kg PMA: 200 euros.

b) *Propón as seguintes melloras:*

- *Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 50%.*
- *Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 100%.*
- *Consideración de terceiro en caso de sinistro para os bens propiedade do Concello de Vigo (distintos de vehículos)*
- *Incremento da suma asegurada por falecemento, invalidez permanente en relación ao mínimo indicado no PPTP para os condutores das motos en 20%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº7" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de 640.000,00 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 30/07/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 111.074,38 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 2310.632.00.10 (DUSI, OT9, LA21, REESTRUTURACIÓN AT. SOCIAL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	540,000.00 €
2022	100,000.00 €



TOTAL	640,000.00 €
-------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de novembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7” (597-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	96,16 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-70.218.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o día 5 de novembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 19 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de datas 28 e 29 de outubro de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación de data 4 de novembro de 2021 polo que se outorgar ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-70.218.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441) por un prezo total de 639.291,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 110.951,40 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (lotes 4 e 8)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (lotes 4 e 8)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 26 de outubro de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de novembro de 2021.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2021 acordou:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. GARCÍ VENTA, S.L. (lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8)
2. HIROMEGAL S.L. (lote 5)
3. ICOGA, S.L. (lote 6)
4. TORRES Y SAEZ, S.A.U. (lote 3)

b) Outorgar un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3, 6 e 7) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar un novo DEUC no que cumprimente todos os motivos de exclusión da parte III, dado que no DEUC presentado non consta respondida a seguinte pregunta recollida no punto "C: *Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*": "Convenio con los acreedores". *¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?"*

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 tomou razón da incidencia do Servizo de Educación na que se facía constar que dentro do prazo de presentación de ofertas GARCÍ VENTA, S.L. presentou diversos documentos nos que se incluía a proposición económica sen encriptar e que "por erro arquivou a dita documentación sen examinala".

Á vista do anterior e tendo en conta o previsto na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador" a Mesa acordou, por unanimidade, non admitir neste procedemento a GARCÍ VENTA, S.L.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que nos lotes 4 "Materiais para carpintería de madeira" e 8 "Aluguer de maquinaria" o único licitador presentado é GARCÍ VENTA, S.L. e a Mesa acordou non admitilo na licitación por ter presentado por Rexistro Electrónico a súa oferta económica sen encriptar, procede declarar desertos os referidos lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar desertos os lotes 4 "Materiais para carpintería de madeira" e 8 "Aluguer de maquinaria" do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) porque o único licitador presentado nos referidos lotes non foi admitido por presentar a través do Rexistro Electrónico a súa oferta económica sen encriptar (cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares)”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:13	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA64H-59D54H-5B56D3-DHSBQ4-XY7VU2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		